

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O COLEXIO PROVINCIAL DE ABOGADOS DE CORUÑA PARA A PRESTACIÓN E MELLORA DA ASISTENCIA XURÍDICA NO PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO 19/2019 DA SECCIÓN SEXTA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DA CORUÑA CON SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, COÑECIDO COMO “CASO DIANA QUER”

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

D. **Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E D. **Augusto Pérez-Cepeda Vila**, decano do Ilustre Colexio Provincial de Abogados da Coruña, en nome e representación deste, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 43 dos seus Estatutos.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- O artigo 24 da nosa Constitución garántelles o dereito fundamental a obteren a tutela efectiva dos xuíces e tribunais a todas as persoas no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, e así mesmo á defensa e á asistencia de letrado. Este dereito fundamental complementábase co disposto no artigo 119 da Carta Magna, onde se establece que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar.

SEGUNDO.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de Xustiza, exceptuada a militar, correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as Leis Orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado. Esta cláusula estatutaria resulta de aplicación respecto da previsión do artigo 37.1 da Lei orgánica do Poder Xudicial, que establece que corresponde ao Goberno prover aos xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función con independencia. Naquela cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que



desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza. Este traspaso levouno a cabo o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro; e logo foi ampliado polo Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro, para comprender tamén os medios materiais e económicos das fiscalías de Galicia. Entre as funcións traspasadas polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, e asumidas polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, inclúense, entre outras, o aboamento da compensación económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

TERCEIRO.- O Colexio de Avogados da Coruña é unha corporación de Dereito público amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, entre os que destacan a ordenación do exercicio da profesión e a formación profesional permanente dos avogados, así como a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza. Sendo función básica da avogacía o desempeño desa actividade de asesoramento e protección de cantos intereses sexan susceptibles de defensa xurídica, o Ilustre Colexio de Avogados da Coruña ordena o exercicio profesional dos avogados e vela polo prestixio da profesión, esixindo a seus membros o cumprimento de seus deberes e exercendo, á súa vez, a defensa dos seus dereitos.

CUARTO.- As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

QUINTO.- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo financia, con cargo a súas dotacións orzamentarias, a defensa xurídica por avogado nos procedementos xudiciais a os que sexan beneficiarios do dereito de asistencia xurídica gratuíta, retribuindo a estes profesionais conforme as bases económicas e módulos de compensación fixados en atención a tipoloxía dos procedementos en que interveñan, de acordo co establecido na Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 30 de novembro de 2020 pola que se establece a compensación económica aos colexios de avogados polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta durante o cuarto trimestre de 2020 e o primeiro, segundo e terceiro trimestres de 2021. Entre este módulo non se contemplan as posibles situacións excepcionais que se podan suscitar en determinados procesos no que a actuación do avogado supera notablemente a carga de traballo que pode considerarse ordinaria para cada tipo de procedemento.

SEXTO.- Coa finalidade de solventar a carencia referida anteriormente, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo publicou a Orde do 31 de marzo de 2021 pola que se modifica a Orde do 30 de novembro de 2020 pola que se establece a compensación económica aos colexios de avogados polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta



durante o cuarto trimestre de 2020 e o primeiro, segundo e terceiro trimestres de 2021. Nesta nova Orde recóllese que, cando un procedemento xudicial teña carácter excepcional e extraordinario no que a actuación do avogado supere notablemente a carga de traballo que se pode considerar ordinaria para cada tipo de procedemento, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o correspondente colexio de avogados poderán formalizar un convenio cuxa finalidade sexa articular os medios técnicos, materiais, humanos ou económicos precisos para facer posible en óptimas condicións a defensa xurídica de quen teña recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta, de modo que se garanta a tutela xudicial efectiva de acordo co establecido no artigo 24 da Constitución Española

SÉTIMO.- O Colexio Provincial de Avogados da Coruña remitiu, en data 30 de outubro de 2020, un escrito dirixido á Dirección Xeral de Xustiza da Vicepresidencia Primeira a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, no que poñía de manifesto a situación da avogada que se designou, pola quenda de oficio, para a defensa no denominado «caso Diana Quer», Tribunal do Xurado 19/2019 da Sección sexta da Audiencia Provincial da Coruña, xa que a levanza deste asunto supuxo un esforzo único e un desgaste excepcional para a letrada, debido ao tempo e dedicación que lle requiriu, a complexidade propia do asunto, a repercusión mediática e a presión social recaída sobre a avogada nun caso de tanta repercusión social e mediática. Ante esta situación, resulta necesario que o Ilustre Colexio de Avogados da Coruña poña a disposición da avogada do imputado que ten recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta no citado procedemento, todos os medios técnicos, humanos e materiais precisos para que dita avogada realice a súa actuación xurídica de defensa do imputado de forma adecuada, dada a importancia e volume do mencionado expediente, que require unha atención especial por parte dos profesionais que nel interveñen.

OITAVO.- En base ao exposto anteriormente, e coa finalidade de garantir o dereito á defensa e de evitar que, por culpa das accións ou omisións da Administración competente en materia de medios persoais e económicos ao servizo da Administración de Xustiza, se poida producir unha declaración de nulidade no procedemento do Tribunal do Xurado 19/2019 da Sección sexta da Audiencia Provincial da Coruña, por no poder ser condenado todo aquel que non sexa defendido conforme a Dereito, resulta conveniente articular mediante un convenio, a necesaria asistencia e apoio institucional, así como os oportunos mecanismos de apoio económico con cargo ao orzamento de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza, e Turismo para lograr a maior eficacia posible na asignación de recursos económicos asociados a esa finalidade.

En consecuencia con todo o anteriormente exposto, as partes estiman conveniente desenvolver una colaboración en común, para o que acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS:

Primeira. *Obxecto do convenio.*

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Colexio Provincial de Avogados da Coruña para articular os medios técnicos, materiais, humanos e económicos precisos para que a defensa xurídica do único imputado, que ten recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta, no procedemento do Tribunal do Xurado 19/2019 da Sección Sexta da Audiencia Provincial da Coruña con sede en Santiago de Compostela, coñecido como “Caso Diana Quer”, sexa unha defensa real e efectiva, que non poña en dúbida a tutela xudicial efectiva a que toda persoa ten dereito, de acordo co establecido no artigo 24 da Constitución Española.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo compensa aos avogados da quenda de oficio de acordo co baremo establecido na Orde do 30 de novembro de 2020 pola que se establece a compensación económica aos colexios de avogados polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta durante o cuarto trimestre de 2020 e o primeiro, segundo e terceiro trimestres de 2021, modificada pola Orde do 31 de marzo de 2021 para adaptala á singularidade dos asuntos que teñan carácter excepcional e extraordinario, como é o caso do procedemento do Tribunal do Xurado mencionado, polo que é preciso apoiala con medidas complementarias e excepcionais para conseguir unha máis adecuada defensa, tal e como prevé a mencionada Orde do 31 de marzo de 2021.

Mediante o presente convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña prestarán os medios adecuados, particularmente os medios de apoio humano e económico, para que se poida desenvolver pola avogada do imputado unha defensa co rigor e garantía que esixe a Constitución Española.

Segundo.- *Compensación económica para a letrada da quenda de oficio*

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo apoia as iniciativas que leva a cabo o Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña na programación de actividades e medios materiais e técnicos para conseguir unha máis axeitada defensa do único procesado no procedemento do Tribunal do Xurado 19/2019 da Sección Sexta da Audiencia Provincial da Coruña con sede en Santiago de Compostela, coñecido como “Caso Diana Quer”, que ten recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta, aportando, por unha sola vez, a cantidade que resulte de multiplicar por cinco a contía establecida no módulo e bases de compensación económica prevista para os avogados na Orde do 30 de novembro de 2020 pola que se establece a compensación económica aos colexios de avogados polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta durante o cuarto trimestre de 2020 e o primeiro, segundo e terceiro trimestres de



2021, no epígrafe “*Procedemento ante o Tribunal do Xurado*”, complementando esta cantidade coa contía establecida, por analoxía, no epígrafe “*Asistencia diaria á vista ante o tribunal do xurado a partir do segundo día*”, en atención ao número de días de duración do xuízo oral, tendo ademais dereito á compensación económica establecida no epígrafe “*Desprazamentos para asistencia a xuízo oral (avogados con despacho oficial nun partido xudicial distinto do da sede do xulgado do penal ou da audiencia provincial)*” polo mesmo número de días. Tamén debe considerarse que na actividade desenvolvida polo avogado de oficio estivo a preparación e defensa do recurso de apelación e máis o de casación; en todo caso, o importe máximo desta compensación económica non poderá superar a contía de 5.000 euros.

A mencionada cantidade imputaranse aos orzamentos de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para 2021 na aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.1.

TERCEIRA .- Obxecto da achega económica

O obxecto da achega económica prevista na cláusula segunda é articular os medios técnicos, materiais, humanos e económicos precisos para que a defensa xurídica do único imputado no procedemento do Tribunal do Xurado 19/2019, da Sección Sexta da Audiencia Provincial da Coruña con sede en Santiago de Compostela, coñecido como “Caso Diana Quer” sexa unha defensa con rigor e garantía.

CUARTA. Obrigas do Colexio Provincial de Avogados da Coruña

O Colexio Provincial de Avogados da Coruña comprométese a:

1. Achegar á letrada do único imputado que ten recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta no procedemento do Tribunal do Xurado 19/2019 da Sección Sexta da Audiencia Provincial da Coruña con sede en Santiago de Compostela, coñecido como “Caso Diana Quer” os medios técnicos, materiais, humanos e económicos precisos para que a defensa xurídica do imputado, sexa unha defensa real e efectiva, que non poña en dúbida a tutela xudicial efectiva.
2. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
3. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006



4. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

QUINTA. Importe da achega económica

1. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Xustiza, achegará a cantidade referida na cláusula segunda ao Colexio Provincial de Avogados da Coruña, ata un importe máximo de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.1 dos orzamentos de gastos para 2021.
2. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo faralle a transferencia dos fondos ao Colexio Provincial de Avogados da Coruña unha vez que este presenten a seguinte documentación:
 - Unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polo Colexio de Avogados da Coruña e pola letrada inscrita na quenda de oficio e designada polo Colexio Provincial de Avogados da Coruña como parte defensora no procedemento do Tribunal do Xurado 19/2019 da Sección Sexta da Audiencia Provincial da Coruña
 - Calquera outra documentación ou material que o Colexio de Avogados da Coruña considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación fíxase no 30 de novembro de 2021.

SEXTA. Control.

O Colexio Provincial de Avogados da Coruña someterase ás actuacións de comprobación que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo lle poida requirir para a debida xustificación dos fins deste convenio, así como tamén ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa achega económica realizada

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá solicitar en calquera momento os documentos que coide oportunos para a debida xustificación.

SÉTIMA. Confidencialidade da información e dos resultados.

O Colexio Provincial de Avogados da Coruña comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas.



Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

OITAVA. Comisión de seguimento do convenio.

Segundo o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase a comisión de seguimento do convenio, á que lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado ao seu obxecto e relacionado coa Administración de xustiza.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- Dous representantes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
- Dous representantes do Colexio provincial de Avogados da Coruña.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, a persoa que exerza a xefatura do Servizo de Coordinación Técnico-Administrativa da Dirección Xeral de Xustiza.

A comisión reunirse cando sexa necesario, tras pedimento de calquera das partes.

NOVENA. Vixencia do convenio.

O período de vixencia do presente convenio estenderase dende o momento da súa sinatura ata o cumprimento polas partes dos deberes asumidos, non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen dende o 1 de xaneiro de 2021. En ningún caso excederá o 30 de decembro de 2021.



DÉCIMA. Natureza xurídica e cuestións litixiosas.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA. Resolución do convenio.

Será causa de resolución do presente convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das obrigas contraídas e/ou cláusulas establecidas nel, así como o incumprimento da normativa vixente na materia, o que facultará outra parte para a resolución do mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos derivados, pero non así as obrigas inherentes.

DÉCIMO SEGUNDA. Obriga de cumprimento dos compromisos.

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.

E en proba de conformidade con canto antecede, e para a debida constancia, asíñase o presente convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO

POLO COLEXIO PROVINCIAL DE
AVOGADOS DA CORUÑA

Alfonso Rueda Valenzuela

Augusto Pérez-Cepeda Vila

